

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE SANXENXO PARA O PROXECTO DE MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL NO PASEO DE SILGAR, DENDE A RÚA OURENSE ATA A RÚA ROSALÍA DE CASTRO, E A MELLORA DO PAVIMENTO NA BEIRRARRÚA DO LATERAL DA PRAIA E ADAPTACIÓN DA VARANDA Á NORMATIVA VIXENTE DENDE A RÚA ROSALÍA DE CASTRO ATA O MIRADOIRO DE SANXENXO

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Sanxenxo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Sanxenxo para o proxecto de mellora da accesibilidade peonil no paseo de Silgar, dende a rúa Ourense ata a rúa Rosalía de Castro, e a mellora do pavimento na beirrarrúa do lateral da praia e adaptación da varanda á normativa vixente dende a rúa Rosalía de Castro ata o miradoiro de Sanxenxo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade Autónoma de Galicia.



Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- O Concello de Sanxenxo, no seu propósito da posta en valor do seu patrimonio e co fin de dalo a coñecer ás persoas visitantes que recibe, propón a execución de actuacións de recuperación e mantemento en correcto estado de conservación de diferentes bens no interior do núcleo, de xeito que as condicións nas que se atopen sexan acordes ó medio onde se emprazan.

A vila de Sanxenxo foi declarada en 2020 como o primeiro territorio de preferente actuación turística de Galicia, figura tipificada na Lei do Turismo de Galicia e que identifica a aqueles territorios que deben cumprir uns esixentes e específicos criterios e que, polas súas especiais características, demanda tamén unha actuación singular das administracións públicas.

Grazas a recursos como as súas praias, portos deportivos, talasos e spas, campos de golf ou mesmo a súa pegada xacobeá coa Ruta do Mar de Arousa e Río Ulla, Sanxenxo leva sendo desde fai anos un dos referentes no norte de España e clave no incremento de visitantes que está a rexistrar a comunidade galega, chegando a multiplicar a súa poboación, especialmente en época estival.

O Concello de Sanxenxo pretende levar a cabo as obras de construción consistentes nas actuacións de mellora da pavimentación e da accesibilidade no Paseo de Silgar, no tramo comprendido entre a rúa Ourense e a rúa Rosalía de Castro, mediante a eliminación do chanzo entre a calzada e as beirarrúas, e a reforma do pavimento e da varanda do paseo no tramo do cruce coa rúa Rosalía de Castro ata o Miradoiro de Sanxenxo.

As principais actuacións proxectadas consisten en:

- Pavimentación da calzada con lastras prefabricadas de cor azul de 10 cm de espesor, colocados sobre o firme MBC existente, deixando o novo pavimento rasado coa cota das beirarrúas laterais para así eliminar a barreira arquitectónica que actualmente supón o bordo á hora de habilitar unha plataforma compartida para vehículos e peóns.



- A construción do novo pavimento sobre o firme da calzada leva aparellada a necesidade de adecuar en cota os rexistros da drenaxe e as arquetas dos servizos existentes. Tamén é necesario adecuar os pavimentos dos vaos á cota do novo pavimento da calzada.
- Na beirarrúa do paseo demolerase o pavimento de lousas prefabricadas existente e construírse un novo pavimento composto por lousas de granito, de acabado abuxardado, con dimensións 90x40 cm e 5 cm de espesor.
- A varanda de pedra existente retirarase e no seu lugar colocárase unha nova varanda metálica de aceiro inoxidable AISI 316L, con acabado brillo, de altura 110 cm, ancorado ó novo pavimento da beirarrúa. Pola cara exterior na nova beirarrúa, diante da varanda, colocárase unha peza de granito formando a imposta lixeiramente voada sobre o muro existente.
- Finalmente construírse un novo banco xardineira formado por pezas de granito curvilíneas e engadírase a nova sinalización para informar da plataforma compartida.

Como conclusión, os resultados que se pretenden obter coas actuacións incluídas neste proxecto son mellorar a accesibilidade e mellorar o medio ambiente urbano na súa vertente paisaxística e urbanística, co conseguinte impacto no benestar da poboación.

Pártese da premisa de buscar un deseño que sexa comprensible, utilizable e accesible por todos os usuarios, garantindo a súa seguridade e comodidade.

Co presente proxecto búscase renovar o aspecto da rúa, mellorar a accesibilidade peonil, dispoñendo novos pavimentos e mobiliario urbano renovado. Para iso proxéctase elevar a cota da vía e converter o espazo nunha plataforma única con prioridade peonil, onde interaccionen os vehículos e os viandantes en maiores condicións de seguridade, diminuíndo a velocidade permitida dos vehículos e implementando un cambio de textura nos materiais a utilizar.

A supresión do desnivel dará continuidade ó itinerario peonil, xerando un percorrido accesible para o conxunto dos peóns e eliminando as barreiras existentes, como os encontros con vaos vehiculares ou con interseccións de vías a diferente nivel.



A área de acceso rodado executarase cun cambio de pavimento, con lastra coloreada, para unha maior visibilidade para o condutor e o peón, dando así maior seguridade á intervención. No encontro entre este e as beirarrúas colocárase unha levada acanalada para mellorar a recollida de augas pluviais e favorecer a súa rápida evacuación. Dentro da mellora de accesibilidade, prevese así mesmo a creación de novas recollidas de pluviais mediante a inclusión de novos sumidoiros naqueles tramos onde hoxe en día está máis espazados. Estes novos tramos de recollida engadiranse aos xa existentes, os cales se elevarán de cota, procederase ao cambio de reixas.

Na zona do Paseo peonil existente renovarase os pavimentos da beirarrúa por un novo de granito, mellorarase as rasantes e eliminaranse as barreiras arquitectónicas existentes.

Na zona onde se reforma a beirarrúa do Paseo expónse unha nova zona de espaxamento, con novo mobiliario que invite ó descanso.

Terceiro.- No ano 2024 desenvolveuse unha actuación no Paseo de Silgar, para a cal se asinou con data 3 de agosto de 2024 un convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Sanxenxo para a mellora da accesibilidade peonil no Paseo de Silgar e na rúa Madrid, por importe de 250.000,00 €. Posteriormente, con data do 31 de outubro de 2024 asinouse unha addenda ao devandito convenio pola que se incrementaba a achega da Axencia de Turismo de Galicia en 240.000,00 €, motivado por imprevistos económicos derivados da falta de financiación coa que contaba o concello para levar a cabo a execución da obra. Deste xeito, a achega total da Axencia sumou un total de 490.000,00 €.

As obras realizadas supuxeron unha mellora da accesibilidade e seguridade peonil no tramo de actuación que abarcou o Paseo de Silgar, parte da rúa de Madrid e a avenida do Porto.

Para levar a cabo a dita tarefa, elevouse a cota da vía e converteuse o espazo nunha plataforma única con prioridade peonil. A supresión do desnivel deu continuidade ao itinerario peonil, xerando un percorrido accesible para tódolos peóns, cadeiras de rodas e carros de bebés, eliminando as barreiras existentes ou mal resoltas de encontros con vaos ou interseccións a diferentes cotas de nivel.



A intervención sumou unha área de actuación de 4.500 metros cadrados, dende a rúa Ourense, rúa de Madrid ata a rúa Cesteiros, e a avenida do Porto. Na área por onde circulan os vehículos colocouse un pavimento diferenciado, lastra coloreado, para unha maior visibilidade para o condutor e maior seguridade para o peón. Colocouse asemade unha levada acanalada que marca o límite dos vehículos e mellora a recollida das augas pluviais.

Levou a cabo ademais unha zona de espaxamento no encontro entre a rúa Luis Vidal Rocha e o Paseo de Silgar, cunha pérgola e coa colocación de mobiliario urbano, mellorouse a instalación de saneamento de pluviais e, por último, tamén se mellorou a iluminación na rúa Madrid e cambiáronse 65 luminarias no Paseo de Silgar.

Que a través deste convenio, outórgase ó Concello de Sanxenxo unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

